

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

DATA: 20 DE MAIO DE 2022

PRESIDENTE	D. CARLOS LOPEZ FONT
VOGAIS	D. SANTOS HÉCTOR RODRIGUEZ DÍAZ D ^a ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA D. GORKA GÓMEZ DÍAZ. D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ. D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ. D ^a OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS. D ^a . IRIA LAMAS SALGUEIRO (en substitución de D ^a Maria Victoria Alonso Méndez) D. JORGE CUBELA LÓPEZ. D. MIGUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO. D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ. D. IGNACIO MARIL PARDO D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS. D. JAVIER TOURÍS ROMERO. D ^a . MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ. D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO. D ^a . MARÍA ORTEGA IÑARREA

Sendo as doce horas e dez minutos do día 20 de maio de 2022 reúnense no salón de pleno do Pazo Provincial, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font, os Sres/as. Deputados/as que se sinalan no encabezado, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do día.

Non asiste a Deputada, D^a Maria Victoria Alonso Mendez, sendo substituída pola Deputada Dona Iria Lamas Salgueiro

Asisten D. Antonio Graña Gómez e D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Interventor e Secretario da Deputación de Pontevedra respectivamente

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, D. Antonio Torrón Casal, técnico adxunto do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DO DÍA 28 DE MARIO DE 2021.

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Especial de Contas do día 28 de maio de 2021.



2. INFORME SOBRE A CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2021. (EXPTES.- 2022023869 – 2022006016).

Unha vez formada polo servizo de Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2021, reúnense ós Sres./as. Deputados e Deputadas integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de someter a informe da Comisión a Conta Xeral (nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais), que inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contra incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

O Presidente da Comisión toma a palabra para indicar ós Sres./as. Deputados e Deputadas que o expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2021 foi posta a disposición das persoas integrantes da Comisión nos prazos regulamentarios dacordo coa lexislación vixente para o seu exame e consulta.

O Presidente pregunta ós Sres./as. Deputados e Deputadas si teñen algunha cuestión ou consulta sobre o informe da Conta Xeral, non producíndose ningunha intervención

Sometido a votación o informe da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2021, obtívose o seguinte resultado:

a. Votos a favor: dez (10), sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG

b. Votos en contra: ningún (0)

c. Abstencións: sete (7), sendo os sete (7) do grupo provincial do Partido Popular

En consecuencia, a Comisión Especial de Contas, cos votos a favor dos Sres./as. Deputados e Deputadas dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG, e a abstención dos Sres./as. Deputados e Deputadas do grupo provincial do Partido Popular, acorda:

1. Emitir informe favorable sobre a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2021, que inclúe a conta da propia Deputación, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contra incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada, nos termos e coa documentación que consta no expediente.
2. Expoñer ó público o expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2021 durante un período de quince días (nos termos establecidos no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas



Locais), durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, entendéndose este informe favorable da Comisión de Contas como definitivo si no citado prazo de exposición pública non se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciron

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e quince minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

